



# **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

**CENTRO:**

**ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS.**

**TITULACIÓN:**

**MÁSTER EN COMERCIO INTERNACIONAL.**

**CURSO ACADÉMICO:**

**2019/2020**



# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

## 1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Calidade da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo (EUEE) iniciado no ano 2010 require da elaboración dun Plan de Acción Titorial. Este constitúe un procedemento clave como é a “Orientación ao estudantado” (DO-0203-P1).

Os docentes da EUEE, en xeral, e do Máster de Comercio Internacional (MCI en adiante) teñen unha grande preocupación por titorizar aos seus estudantes ao longo dos cursos de grao e posgrao. Isto abrangue accións desenvolvidas tanto no inicio como ao longo do curso. Particularmente o PAT desenvólvese grazas á colaboración, principalmente, dos responsables de materia do MCI. Ademais, cada inicio de curso tense programado un acto de Presentación do curso, consistente na recepción dos alumnos, presentación das distintas áreas (académica, extensión cultural, relacións internacionais, biblioteca, prácticum, etc.), así como a resposta a aquelas inquiredanzas que poidan mostrar.

En relación co anterior, este Plan de Acción Titorial quere ser o instrumento perante o cal procederanse a normalizar as diferentes accións de titorización do alumnado do Máster de Comercio Internacional impartido na Escola Universitaria de Estudos Empresariais, documento que estará suxeito a revisión e mellora nos vindeiros cursos.



A través do PAT asignarase aos alumnos do Máster un profesor tutor encargado de realizar un seguimento académico dos alumnos titorizados, de apoiar a participación dos alumnos en tódolos aspectos da vida universitaria, e de realizar unha tarefa de orientación tanto nos aspectos puramente académicos como naqueles outros de extensión universitaria, contando para iso co apoio dos distintos servizos que a Universidade ofrezca. Prestarase especial atención naqueles casos en que os alumnos presenten circunstancias persoais específicas.

## **2. ELABORACIÓN, IMPLANTACIÓN E AVALIACIÓN DO P.A.T.**

O deseño do P.A.T. corresponde ao Equipo de Dirección do Centro xunto coa Coordinador do Máster que, despois de recoller diversas aportacións dos profesores do centro, persoal de administración e servizos e outros colectivos de interese, o someterá a consideración da Comisión de Garantía de Calidade do Centro para, a continuación, presentarse á Xunta de Centro para a súa aprobación.

Unha vez aprobado o PAT, a Dirección do Centro levará a cabo a difusión do mesmo entre toda a comunidade do Centro e outros grupos de interese.

A posta en marcha do PAT será competencia tanto da Dirección do Centro, do Coordinador do Máster, coma dos profesores tutores e os alumnos implicados. Nesta posta en marcha poderase requirir a axuda de distintas oficinas universitarias tales como: OFOE, OFIE, Gabinete psicopedagógico, SIOPE, Servizo de Bolsas, Oficina de Relacións Internacionais,...

Unha vez en funcionamento, corresponde á Comisión de Garantía da Calidade e ao Equipo Directivo da Escola Universitaria de Estudos Empresariais realizar o seu seguimento, resolvendo todas aquelas incidencias ou dúbidas que poidan xurdir ao



longo do curso. O equipo directivo deberá establecer un contacto permanente cos titores implicados en cada caso.

Levarase a cabo unha avaliación do PAT na que estean implicados os titores, a Comisión de Garantía da Calidade e o equipo directivo do centro, a través dos mecanismos de recompilación da información establecidos oportunamente.

A recompilación de información e a avaliación permitirán diagnosticar o funcionamento do PAT ao longo do curso, así como a presentación de propostas de mellora do PAT para a súa implantación nos vindeiros cursos. Tanto a análise como as propostas de mellora incluíranse no informe anual de resultados do procedemento de orientación ao estudante.

Dito informe presentarse ao equipo directivo do centro para a súa revisión e á Xunta de centro para a súa aprobación e será obxecto de publicidade.

### **3. PROFESORES TITORES. CURSO 2019/2020**

Os profesores titores do PAT serán os profesores responsables das distintas materias do Máster en Comercio Internacional, que aceptan actuar como vehículo de transmisión entre o alumnado e a dirección da EUEE e coordinación do MCI. O Centro porá a súa disposición os recursos necesarios para desenvolver a súa labor.

Asemade a Subdirección de Calidade do Centro facilitará aos profesores/titores a documentación, información e enlaces necesarios para o normal desenvolvemento da súa labor. Os alumnos titorizados serán todos os alumnos do Máster en Comercio Internacional. O límite de prazas aprobado pola Universidade para este posgraio é de 50 (25 presenciais e 25 non presenciais).



Os profesores coordinadores de materia do Máster en Comercio Internacional son 12, considerándose oportuno que todos eles participen no proceso de titorización. Os profesores/titores recibirán, tan pronto como administrativamente sexa posible, unha relación dos alumnos titorizados.

#### PROFESORES

Nome	1eiro apelido	2o apelido	Correo-e	Materias
Miguel	Rodríguez	Méndez	<a href="mailto:miguelr@uvigo.es">miguelr@uvigo.es</a>	Economía Internacional
Pablo	Cabanelas	Lorenzo	<a href="mailto:pcabanelas@uvigo.es">pcabanelas@uvigo.es</a>	Dirección Internacional da Empresa e os Mercados no Mundo
Consuelo	Currás	Valle	<a href="mailto:ccurras@uvigo.es">ccurras@uvigo.es</a>	Marketing Internacional
Rocío	Rodríguez	Daponte	<a href="mailto:rocio@uvigo.es">rocio@uvigo.es</a>	Marketing Internacional
Lucy	Amigo	Dobaño	<a href="mailto:lamigo@uvigo.es">lamigo@uvigo.es</a>	Contabilidade e Finanzas Internacionais
María Isabel	González	López	<a href="mailto:isabelg@uvigo.es">isabelg@uvigo.es</a>	Xestión de Operacións Internacionais
Trinidad	González-Portela	Garrido	<a href="mailto:tgonzalez-portela@uvigo.es">tgonzalez-portela@uvigo.es</a>	Transporte e loxística
Maria Eva	Diz	Comesaña	<a href="mailto:evadiz@uvigo.es">evadiz@uvigo.es</a>	Transporte e loxística
Pilar	Muñoz	Dueñas	<a href="mailto:lamigo@uvigo.es">lamigo@uvigo.es</a>	Fiscalidade Internacional
Emilio	García	Roselló	<a href="mailto:erosello@uvigo.es">erosello@uvigo.es</a>	Novas tecnoloxías da información e das comunicacións no e-comercio
Emilio	García	Roselló	<a href="mailto:erosello@uvigo.es">erosello@uvigo.es</a>	As TIC no comercio internacional
María Araceli	González	Crespán	<a href="mailto:acrespan@uvigo.es">acrespan@uvigo.es</a>	Inglés Comercial
Antonio	Vaamonde	Liste	<a href="mailto:vaamonde@uvigo.es">vaamonde@uvigo.es</a>	Traballo de fin de Máster
María Araceli	González	Crespán	<a href="mailto:acrespan@uvigo.es">acrespan@uvigo.es</a>	Comunicación profesional internacional
Pablo	Cabanelas	Lorenzo	<a href="mailto:pcabanelas@uvigo.es">pcabanelas@uvigo.es</a>	Prácticum

## 4. ACCIÓNS DO PAT.

### Acción nº 1]

Días antes do inicio do curso (principios de setembro) o equipo directivo reunirá aos profesores/titores procedendo a impartir as oportunas instrucións, recomendacións, atendendo ás dúbidas que xurdan.



### **Acción nº 2]**

No acto de inauguración do Curso (data oficial de inicio do Curso académico), coa presenza dos profesores/titores que desexen participar, informarase aos novos alumnos do funcionamento do PAT do Centro, xunto cos demais elementos organizativos e académicos do Centro que lle sexan de interese (organización da docencia, participación dos alumnos nos órganos colexiados do Centro, prácticas en empresas, bolsas, servizos universitarios, regulamentos e normativas, uso da biblioteca,...).

### **Acción nº 3]**

No mes de outubro/novembro os profesores/titores terán unha reunión co alumnado titorizado para unha primeira toma en contacto, explicándolle o obxectivo do programa de titorización, o xeito de manterse en contacto, e obtendo dos alumnos a información precisa sobre as súas necesidades e circunstancias persoais.

### **Acción nº 4]**

Ao longo do curso os profesores/titores procederán a realizar un seguimento dos alumnos titorizados a través de reunións en grupos, ou de ser preciso, individuais. Porase especial énfase nas problemáticas xurdidas no desenvolvemento e coordinación da docencia, tanto nos aspectos persoais como grupais.

### **Acción nº 5]**

No período final do curso académico procederase a avaliación do desenvolvemento do PAT. Para esta avaliación terase en conta a información



aportada polos titores, o equipo directivo do centro e os grupos de interese representados na Comisión de Garantía da Calidade.

A avaliación servirá de base para que a CGC elabore o informe anual de resultados do procedemento de orientación ao estudante e propoña as recomendacións e propostas de mellora do PAT que considere necesarias perante o equipo directivo, o cal procederá a súa revisión previa á aprobación, se procede, por parte da Xunta de Centro.